

I.4. GALÍCIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización do Idioma
do Concello de Redondela

Consellería da Presidencia e Administración Pública

a) Lexislación

Decreto 375/1994, do 2 de decembro, polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos de: Zas (provincia da Coruña), Castroverde e Pol (provincia de Lugo).

Nesta ocasión a Xunta vai poñer fin a unha situación de anormalidade, provocadora en máis dunha ocasión de múltiples e estériles liortas dialécticas entre os partidarios de utiliza-las denominacións espúreas dos nosos pobos e os que reclaman teimosamente unha intervención gubernamental fixando a denominación oficial.

Orde do 22 de decembro de 1994 pola que se determinan os nomes oficiais dos topónimos que se relacionan pertencetes ós concellos de: Zas (A Coruña), Castroverde e Pol (Lugo), Celanova, O Irixo, Rubiá, Viana do Bolo e Vilamarín (Ourense) (DOG núm. 8, do 12.1.95).

Como na anterior Orde oficializadora de moitos topónimos, esta insíte no mesmo articulado: aproba-los nomes oficiais dos topónimos que figuran no anexo da orde, dar conta do establecido ás autoridades estatais correspondentes e, na Disposición derradeira, fixa-la entrada en vigor da orde para o día seguinte da súa publicación.

Nesta ocasión a Comisión de Toponimia, organismo oficial encargado de emiti-los preceptivos dictames, informo u sobre máis de setecentos nomes de entidades menores.

b) Fomento

Orde do 1 de xullo de 1994 pola que se anuncia o curso de especialización en linguaxe administrativa para funcionarios da Administración local (DOG núm. 144).

A Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, na súa sesión do 4 de maio de 1990, acordou impulsa-la normalización lingüística

na Administración local mediante un plan que ten por obxectivo que en tódalas corporacións locais galegas exista, polo menos, un funcionario que se responsabilice da traducción dos documentos a que se refire o artigo 1 da Lei 5/1985, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia.

O curso ten unha duración de cento vinte horas, distribuídas do seguinte xeito: 80 horas lectivas, 10 de exames e 30 de defensa de traballos.

O Anexo desta Orde recolle o Programa deste curso de «Linguaxe administrativa, xurídico-administrativa e traducción».

Orde do 30 de setembro de 1994 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión (DOG núm. 193).

As solicitudes de axudas irán acompañadas, no caso das empresas xornalísticas, dunha Memoria na que se faga consta-lo número de traballos ou artigos escritos en lingua galega e a porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

As empresas de radiodifusión farán consta-la programación, especificando que parte dela se realiza en lingua galega.

A valoración das solicitudes presentadas basearase nos seguintes criterios: *a)* Uso da lingua galega; *b)* Tirada de exemplares; e *c)* Número de lectores e oíntes.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

a) Lexislación

Orde do 30 de xuño de 1994 pola que se desenvolve o Decreto 79/1994, do 8 de abril sobre a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio (DOG núm. 150).

O Decreto 79/1994, do 8 de abril, establece dun xeito xenérico as circunstancias excepcionais polas que un alumno pode obter a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio. A súa disposición derradeira primeira faculta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las ordes necesarias para o seu desenvolvemento, que é o que fai esta Orde do 30 de xuño.

O Decreto que agora desenvolve esta Orde sinala que terán que supe-ra-la materia de lingua galega:

1. Aqueles alumnos que, logo de cursaren anteriormente estudos en Galicia, acrediten unha estadía no sistema educativo doutra Comunidade Autónoma ou do estranxeiro inferior a catro anos académicos consecutivos.

2. Os alumnos do primeiro ciclo da educación primaria.

3. Os alumnos de COU que elixan como optativa a materia de literatura galega. Para estes efectos, o director do centro, consultados o profesor e o titor do alumno e mailo seminario de galego do centro terá que facer constar no informe preceptivo que presenta canda a solicitude de exención a situación de cada un dos alumnos de COU en canto a este aspecto.

Tamén o artigo 3, fai matizacións de interese: «Considerarase tamén como integrados lingüísticamente aqueles alumnos que, tendo dereito a que se lles conceda a exención, non a soliciten ou non a fagan en tempo e forma e, consecuentemente, sexan cualificados na materia de lingua galega nas avaliacións parciais e final. Polo tanto nos anos académicos seguintes terán que superar esa materia.»

O artigo 4.1 atribúelle ó profesor, en colaboración co seminario ou departamento de galego do centro, o labor de deseñar unha adaptación curricular gradual que conte coas seguintes fases:

a) O primeiro ano, iniciación ó coñecemento da lingua e da cultura galegas.

b) O segundo ano, potenciación do dominio tanto do léxico e das estruturas morfosintácticas como do coñecemento do contorno.

c) O terceiro ano, afianzamento dos coñecementos da lingua e da cultura galegas, ata acadar un nivel semellante ó dos demais compañeiros da aula.

Asemade, o profesor, en colaboración co seminario ou departamento de galego, indicará ou elaborará e porá a disposición do alumno os materiais necesarios para a consecución dos obxectivos especificados no apartado anterior (artigo 4.2).

O artigo 4.3 di que: «O alumno, ademais de asistir obrigatoriamente ás clases, terá que acredita-lo aproveitamento e adquisición progresiva de coñecemento de acordo coa gradación antes mencionada. Tanto a asistencia coma o aproveitamento e adquisición progresiva de coñecementos faranse constar no informe da dirección do centro que acompaña a solicitude de exención para a ano académico seguinte.»

O artigo 5.1 sinala que: «O incumprimento por parte do alumno do contemplado no apartado terceiro do artigo anterior, xustificadamente no informe da dirección do centro, será causa de denegación da exención.»

A delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria onde se soliciten as exencións pediralle ó equipo psicopedagóxico de apoio da zona un informe no que conste a lingua de instalación do alumno, a lingua do contorno sociofamiliar e maila lingua de escolarización, o nivel de adquisición da linguaxe, outros aspectos sicopedagóxicos pertinentes e, como conclusión, a necesidade ou non da concesión da exención.

Orde do 25 de outubro de 1994 pola que se convocan encontros de formación e intercambio de experiencias para os coordinadores e membros dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Convócanse encontros para de formación e intercambios de experiencias para os coordinadores e membros dos equipos de normalización lingüística constituídos nos centros educativos non universitarios públicos, privados e privados concertados, que se celebrarán ó longo do ano 1995.

A finalidade destes encontros é conseguir a normalización lingüística do centro e a galeguización do ensino, de acordo coa lexislación vixente.

O número de asistentes establécese, como mínimo, en 15 persoas.

As actividades que se leven a cabo nestes encontros centraranse nas actuacións previstas no plao xeral para o uso do idioma e no plao específico para o ensino en lingua galega, consignados polos centros dentro do seu proxecto educativo.

Resolución do 8 de agosto de 1994, da Dirección Xeral de Política Lingüística, pola para que se resolve o concurso público de mérito, para profesores de ensino secundario e mestres, para desempeñar funcións de coordinadores docentes de galego (DOG núm. 184).

O artigo segundo desta Resolución especifica que «o desempeño da función de coordinadores docentes por parte dos anteditos profesores non suporá para os efectos académicos e económicos ningunha condición distinta, nin ningunha retribución diferente da que perciben como funcionarios docentes nos seus destinos actuais».

Amais desta aclaración sinalase que os coordinadores docentes antes reseñados seguirán integrados nos seus centros de destino actual, con dedicación normal ó desenvolvemento da actividade docente directa nas aulas.

En total, son dez os docentes seleccionados para o desempeño das funcións de coordinadores.

b) Fomento

Orde do 20 de outubro de 1994 pola que se establecen dotacións para os traballos dos equipos de normalización lingüística e de potenciación do uso do galego nos centros educativos de educación infantil, primaria, xeral básica, especial e permanente de adultos, e de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional, respectivamente (DOG núm. 219).

O artigo 1 deste Decreto establece as dotacións destinadas a financiar os traballos dos equipos de normalización e de potenciación do uso do galego. O artigo 2 sinala que para acceder a estas dotacións será necesario que o equipo estea formalmente constituído e o plan de potenciación do uso do galego fose aprobado polo consello escolar.

As dotacións concederanse preferentemente para:

a) Materiais e accións para a determinación da lingua de instalación dos alumnos da educación infantil.

b) Materiais e accións necesarias para a avaliación de dominio do galego ó remate de cada ciclo.

c) Preparación e elaboración do material necesario para as adaptacións curriculares que possibiliten unha rápida integración lingüística daqueles alumnos ós que se lles concedese a exención da materia de lingua galega.

d) Adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico e lúdico-didáctico en galego.

e) Adquisición doutro tipo de material en galego para o centro.

f) Materiais para a organización de actividades en galego, destinadas ó fomento do uso do galego tanto por parte dos alumnos, de profesores e de persoal non docente, como da comunidade escolar en xeral.

g) Preparación e realización de materiais didácticos relacionados coas materias que se imparten en galego.

h) Actividades de prensa e de radio escolar experimental en galego feitas nos centros en ensino.

Para as concesións das dotacións constituíranse en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comisións integradas por: o delegado provincial, que a presidirá; un inspector de galego, un representante do Servicio de Planos e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística, o xefe do Gabinete de Normalización Lingüística e un funcionario da delegación provincial que actuará de secretario.

Resolución do 21 de xullo de 1994, da Dirección Xeral de Política Lingüística, pola que se outorgan catorce bolsas de colaboración nos distintos proxectos de investigación que se desenvolvan no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (DOG núm. 148).

Adxudícanse catorce bolsas de colaboración nos distintos proxectos de investigación que se desenvolvan no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, segundo convocatoria anunciada no DOG núm. 110, do 9 de xuño de 1994.

Orde do 4 de xullo de 1994 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar actividades que fomenten o estudio e a investigación da linguaxe xurídico-administrativa (DOG núm. 151).

Co desexo de acadar unha maior eficacia nas relacións coas organizacións profesionais en institucións xurídico-administrativas galegas sen ánimo de lucro que posibiliten e resalten a importancia da nosa lingua e promociónen o seu uso e, con estes obxectivos axudaren ó exercicio de actividades en galego, que fomenten o estudio e a investigación da linguaxe xurídico-administrativa, convócanse subvencións para proxectos para os que se solicite a axuda económica.

A contía de cada subvención non poderá exceder a cantidade de un millón de pesetas.

Orde do 12 de xullo de 1994 pola que se aproban as bases do concurso público para a adxudicación de prazas de profesorado-bolseiro/a de lingua e literatura galegas nas universidades de Barcelona (2), Madrid (1), Lisboa (1), Oxford (1) e Rennes (1), e anúnciase a súa convocatoria (DOG núm. 151).

O nomeamento do profesorado será por un período mínimo de un ano, prorrogable como máximo ata tres. No caso de que o seleccionado/a sexa un profesor/a funcionario/a, o nomeamento irá acompañado da correspondente comisión de servicios.

A selección deste profesorado farase a través dun concurso público de méritos entre licenciados en filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués), licenciados en filoloxía galegas ou licenciados que gañaron a oposición de lingua e literatura galegas de ensinanzas medias.

Orde do 19 de xullo de 1994 pola que se convocan cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega para o personal da Administración xeral do Estado en Galicia (DOG núm. 159).

Fai fincapé a exposición de motivos desta orde na disposición estatal, outra Orde do 20 de xullo de 1990, pola que se dictaron normas para a provisión de determinados postos de traballo de funcionarios na Admi-

nistración periférica do Estado, en relación co coñecemento das linguas oficiais propias das comunidades autónomas, que concretaba determinados tipos de postos de traballo para o exercicio dos cales sería necesario o coñecemento do idioma galego.

Son trinta e catro cursos (iniciación e perfeccionamento) distribuídos polas catro provincias.

A duración dos cursos é de 75 horas, estipulándose obrigatoria a asistencia ás clases, tolerándose ausencias non superiores a un 10 % do total do curso.

Orde do 21 de xullo de 1994 pola que se regula a concesión de subvencións ás corporacións locais de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG núm. 151).

Trátase dunha medida de fomento que se vén repetindo puntualmente tódolos anos para dar cumprimento á Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

Orde de 15 de novembro de 1994 pola que se anuncian cursos de iniciación e de perfeccionamento da lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 241, do 16 de decembro de 1994).

A teor da regulación establecida pola Consellería de Educación e Ordenación Unversitaria dos cursos de galego, mediante a orde do 1 de marzo de 1989, convócanse cursos de iniciación e perfeccionamento para que poidan asistir a todos eles persoas que o desexen, maiores de idade e de calquera profesión, ben individualmente ou ben agrupadas por colectivos.

Establece a Orde a duración do curso, sinalándose que a ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10 % da duración total do curso.

Orde do 25 de novembro de 1994 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de sete bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se desenvolverán no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias «Ramón Piñeiro», e anúnciase a súa convocatoria (DOG núm. 244, do 21 de decembro de 1994).

O artigo 1 do Decreto 232/1994 do 14 de xuño, en harmonía co artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece a competencia de Consellería de Educación e Ordenación Unversitaria para a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da investigación. O outorgamento destas bolsas enmárcase dentro das funcións atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Unversitaria no artigo 3.º do Decreto

25/1993, do 11 de febreiro de creación e posta en funcionamento do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias «Ramón Piñeiro».

A contía das bolsas inclúe unha asignación mensual de 122.000 pesetas e seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

O período de disfrute das bolsas será ata o 31 de decembro de 1995.

No capítulo de requisitos esixidos figura o de te-lo título de licenciado.

O Anexo I distribúe as bolsas do seguinte xeito:

a) Dúas bolsas para colaborar na catalogación dos fondos bibliográficos propios do centro.

b) Dúas bolsas para colaborar no proxecto de construción, etiquetación e lematización do corpus de referencia do galego actual.

c) Dúas bolsas para colaborar no proxecto de construción dun sintetizador texto-voz en galego.

d) Unha bolsa para colaborar nun corpus documental latinum galliciae.

Consellería de Cultura

Orde do 5 de agosto de 1994, pola que se convocan bolsas a persoas físicas para proxectos no campo da promoción cultural, a creación literaria en galego, as artes escénicas e musicais, as artes da imaxe e as artes plásticas (DOG núm. 178).

No Preámbulo da Orde maniféstanse as intencións da Consellería ó dicir que «cómpre que a Consellería de Cultura apoie novos proxectos literarios e de investigación e que se formen bos profesionais que traballen polo engrandecemento cultural de Galicia».

A contía de cada bolsa (Art. 2.º) non poderá exceder-la cantidade de 500.000 pesetas. É requisito imprescindible que os candidatos demostren a súa capacidade no campo da creación literaria, a súa actividade investigadora ou a súa adicación ás artes escénicas e musicais, etc.

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

a) Fomento

Orde do 21 de xullo de 1994, pola que se regula a concesión de subvencións ás corporacións locais de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG núm. 151).

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais no seu artigo 1.º di: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega»; no seu artigo 2.º.1 preceptúa: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o pulo do proceso de incorporación da lingua galega na administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega»; e no punto 2.º.2: «Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.»

A Consellería desenvolveu un plano integral de estudos adicado ós funcionarios que presten os seus servizos nas corporacións locais galegas, do que forman parte os cursos básico, medio e de especialización, obténdose, ó remate deles, o título de tradutor oficial de linguaxe administrativa galega, título que habilita, os que o obteñan, para encargarse da tradución da documentación á que se refire o artigo 1 da referida Lei.

As subvencións que se outorgarán ó abeiro das bases desta Orde «destinaranse tanto á adquisición do equipamento e medios materiais precisos para o bo funcionamento dos gabinetes de tradución dos concellos, como para sufragalos custos de persoal alleo» contratado necesariamente polos concellos mentres non dispoñan de persoal funcionario preciso e suficientemente formado.

As subvencións concederanse para: 1. Mantemento dos servizos municipais de normalización lingüística xa existentes; 2. Creación de novos servizos municipais de normalización lingüística, debidamente xustificadas e sempre que exista crédito suficiente; 3. Merca de material bibliográfico, didáctico e/ou de apoio para o servizo de normalización lingüística xa existente ou de nova creación; 4. Normalización lingüística dos rótulos existentes na casa consistorial, xulgados de paz, instalacións da policía local e de calquera dos edificios de titularidade municipal afectados a un servizo público.

Orde do 21 de xullo de 1994 pola que se convocan varios cursos de formación en lingua galega para o cadro de persoal das corporacións locais (DOG núm. 155).

A convocatoria destes cursos de formación faise dándolle cumprimento ó artigo 2.2.º.1 da Lei de Normalización Lingüística, que di: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o pulo do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de pro-

gramas de formación de funcionarios en lingua galega.» No parágrafo 2.º deste artigo dise: «Sen prexuízo do parágrafo anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.»

Convócanse oito cursos de nivel medio e outros oito de nivel básico. A duración de cada curso será de 75 horas.

Distribúense os cursos en nove localidades galegas, cidades e vilas.

I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ I FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

La disposició més important que ha aparegut al *Diari Oficial de la Generalitat Valenciana* durant el període juliol-desembre de 1994 ha sigut el Decret 238/1994, de 22 de novembre (DOGV núm. 2397, de 29 de novembre), del Govern valencià, pel qual es crea l'Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana. El seu article únic disposa:

«Es crea l'Intitut Interuniversitari de Filologia Valenciana de les universitats d'Alacant, València i Jaume I de Castelló, per transformació de l'Institut de Filologia Valenciana de la Universitat de València.»

La disposició final primera d'aquest decret faculta el conseller d'Educació i Ciència per a dictar disposicions de desplegament i d'execució. La disposició final segona estableix l'entrada en vigor de la norma l'endemà de la seua publicació al DOGV.

La importància fonamental del decret consisteix a cobrir el buit legal que suposa la inexistència d'un òrgan oficial o oficialitzat de direcció i assessorament lingüístic que serveixa de referència per a tots els usos de la llengua. L'article 34 de la Llei d'ús i ensenyament del Valencià preveu que aquesta direcció tècnica correspon exercir-la a la Generalitat Valenciana. Per tant, sembla lògic i lícit que la Generalitat encarregue aquesta labor a una institució amb la capacitat tècnica i el prestigi necessaris per a dur a terme aquesta tasca. Cal recordar que la Generalitat Valenciana no ha declarat mai l'existència d'una gramàtica o diccionari de la llengua catalana aplicable al País Valencià. Tanmateix, sempre ha utilitzat, per als usos oficials i per a l'ensenyament, la gramàtica fabriana adaptada a les especificitats valencianes fins l'extrem de no aprovar cap material di-